

O derradeiro xuízo

Todo comezou fai anos. En realidade, antes do que eu poida lembrar. Agora enténdoo. Antes, era o normal. Nesa normalidade entraba que ti chegases a casa e tiveses o prato enriba da mesa; e se non era así, berros. A roupa co ferro pasado; e se non era así, berros. O té da merenda no seu punto e a hora de sempre; e se non era así, berros. Os teus fillos, nós, cos deberes feitos; e se non era así, berros.

Aos meus oito anos, preto dos nove, e Manuel con catro recentemente feitos, achegábase un día especial para min, a miña Comuñón. E non falo pola relixiosidade, senón pola xuntanza con amigos, familia, tíos que facía tempo que non vía, e agasallos. O que á rapazada lle gusta. Mais ti, só ti, podías arruinalo. Comezou pola mañá. Mamá escollera un vestido fermoso para o meu día, pero a ti non che gustaba. Dende que a viches vestida cambiouche a cara, ata que estaba amarrando a miña lazada e sen importarche que eu te escoitase sóltaslle un: *“Vas demasiado curta, queres que todos che miren para as pernas? Cámbiate se queres que eu vaia! Non quero levar ao lado unha puta e que a nena sinta vergoña”*. Que vergoña? A cara da mamá mudou, eu só puiden ir detrás dela, mentres ía buscar outro vestido e soltei timidamente: *“Mamá, estás fermosa, eu non me avergoño de ti, porque es a máis guapa e a mellor”*. E ela respondeu cun sorriso, pero coas bágoas nos ollos: *“Teño outro máis bonito e cómodo, papá ten razón, este non é para a cerimonia”*.

Continuou na comida. El levou aos compañeiros do bufete de avogados, que miña nai aínda non coñecía. Ela, rota por dentro, só tratou de ser amábel con eles. Pero a el non lle gustou. Mamá foi ao baño e el tras dela. Alí, chamoulle de todo, díxolle que estaba coqueteando cos seus amigos, e *plas!* Unha labazada. Saíu coma se nada. Eu, tras da porta tremendo do medo e rabia, sentenciei a ese señor. Non era meu pai.

Entrei ao lavabo, agarrei á miña nai e só puiden abrazala e suplicarlle que nos fósamos. Lémbroo como se fose hoxe. Díxenlle que collese todos os cartos que me deran ese día, que eu buscaría a Manuel e marchábamos lonxe dese señor, que ese non era meu pai. Meu pai non podía estar facéndolle dano a muller que daba todo por nós. Inocente de min! Ela pedíume que non dixese nada e que gozase da festa, pero eu xa non podía seguir normal. Só pensaba no momento de volver á casa. Mirábaa a ela, rindo e coma se todo fose normal, pero os seus ollos non dicían o mesmo. E chegou a saída. Eu metínme no coche e sen pensalo empecei a gritarlle a el, a ese descoñecido. E el, con voz dócil, tratou de convencerme de algo que non era. En canto chegamos á casa, agarrou á miña nai, despois de deitarnos, e xa só se escoitaban gritos, cada vez máis fortes, cousas que caían, golpes...

Non o dubidei. Ese día agasalláranme un móbil e lembreime de que no colexio nos dixeran que ante calquera situación de perigo, chamásemos ao 112. Non fixo falla dar moitas explicacións, porque os gritos traspasaban a liña. Chegaron a tempo de ter a miña nai viva. Saimos da habitación e el gritaba que nos quería, que o fixera por nós. Ela estaba tirada no chan e os médicos atendéndoa. A miña mente borrou parte dese día e só sei que viva segue, pero por dentro non volveu a ser a mesma.

Hoxe tiven que vir verte, no derradeiro xuízo. E mírote e non sinto nada. Sorríme e só me produces noxo. Pronto sairás, pero agora si. Collerei a miña nai e a Manuel e os cartos do tempo que estiven a traballar. Agora si, marcharemos lonxe de ti, que fai 12 anos que deixaches de ser meu pai. Es un señor, ao que me parezo tanto, que a veces me sinto mal. Ese señor que deixou a miña nai morta en vida, con golpes por dentro que nunca será quen de borrar. Ese señor, que queda aí sentado, nesas cadeiras frías ante un xuíz, mostrando o pouco xuízo que lle queda.